

LIZA Realizan o primeiro mapa das zonas que poden provocar maiores disputas na repartición das augas do Ártico entre os países da súa ribeira

Perigo ecolóxico

O contencioso das fronteiras árticas tomou novos pulos co desxelo, que permitirá explotar o seu petróleo

EFE · Londres

Científicos da Universidade de Durham, en Inglaterra, debuxaron o primeiro mapa do Ártico que detalla as zonas do Polo Norte que poden ser obxecto de disputas territoriais no futuro. Os investigadores, da Unidade de Investigación de Fronteiras Internacionais (IBRU, nas súas siglas inglesas) dessa universidade baseáronse en reclamacións de propiedade histórica e actuais e usaron un programa informático especializado en delimitación xeográfica para debuxar con precisión o plano.

"Intentamos mostrar todas as reivindicacións coñecidas, os límites acordados e algo que non apareceu noutros mapas, que son as áreas que poderían ser reclamadas por Canadá, Dinamarca e Estados Unidos", explicou Martin Pratt, director da IBRU.

A maioria dos mapas que vin nos medios de comunicación eran moi simples", indicou o experto, que considera que se dixerón "moitas parvadas sobre quen pode reclamar (soberanía) sobre que".

O contencioso das fronteiras do Ártico causou unha gran polémica o ano pasado, cando un equipo de exploradores rusos utilizou un submarino para chantar a bandeira do seu país no leito mariño



O mapa realizado na Universidade de Durham por en raiadas as zonas de disputa

O interese das petroleiras

Segundo datos da axencia científica estadounidense Geological Survey, a rexión ártica alberga uns 90 millóns de barriles de petróleo sen explotar. A xuizo de Martin Pratt, "outro aspecto importante é a fundición do xeo polar, que fai máis fácil a explora-

ción e por iso a industria do petróleo está interesada". O científico avisa das consecuencias ecológicas de explotar a "contorna única" e "vulnerable" do Ártico, xa que "extraer petróleo e gas non é unha actividade amable co medio".

do Polo norte. Políticos de países que lindan co Ártico, incluído o ministro canadense de Asuntos Exteriores, interpretaron ese xeso como unha ouzada reclamación territorial de Moscova. De calquera xeito, outros estados tamén reivindican os seus dereitos sobre a rexión xeada, como Canadá, Dinamarca, EEUU, Islandia e Noruega. •

FEIRA DO LIBRO DA HABANA Cerviño, desde o Grupo Socialista, asegura que o asunto estrela de López-Chaves é "unha coña mariñeira"

A Xunta replicalle ao PP que xa lle deu todos os documentos

A Administración autonómica galega, a través da Consellería de Presidencia, asegurou onte que facilitou toda a documentación do Consello da Xunta reclamada polo Partido Popular (PP) sobre a viaxe á Habana organizada polo departamento de Cultura con motivo da participación de Galicia na Feira do Libro na capital cubana o pasado mes de febreiro coa cultura invitada de honra.

Así replicou Presidencia á oposición, que o martes acusou o Goberno bipartito de "ocultar" as actas do Consello da Xunta onde aparecen as

facturas de La Habana convalidadas por el e polo resto do Executivo autonómico.

Fronte a isto, Presidencia sostén que mantivo o seu "comportamento habitual" co Parlamento xa que "sempre que calquera deputado solicitou alguma información relacionada co Consello da Xunta, lle foi remitida".

Así, negou que exista "ningunha contradicción" entre a documentación solicitada e a remitida. En todo caso recordou que as actas do consello levaban, de forma xeral, o título dos acor-

dos adoptados polo Goberno galego pero non o expediente administrativo correspondente. Ademais, apostillou que "non é responsabilidade da Xunta que na petición recibida non se especifique de forma máis explícita a información que se requiría".

Tamén o voceiro de Cultura do PSdeG no Parlamento galego, Francisco Cerviño, criticou a interpelación do PP e as referencias aos gobernos socialistas na década dos anos 90, que xuizo de Cerviño reflicten "a pervivencia no PP de vellos fantasmas da dereita aznarista

con Felipe González". Cerviño replicou deste modo ao voceiro de Cultura do Grupo Popular, Ignacio López Chaves, que vinculou o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, coa "crise de honestidade" dos gobernantes do PSOE na década dos 90 por "sequestrar no seu despacho" as facturas referentes á viaxe.

A Xunta, dixo Cerviño, "non pode entregar as actas dos seus conselos sen incumprir a lei", polo que o PP "fai algo desonesto políticamente e está a engañar a opinión pública".

Ademais, considerou que a viaxe á Habana foi tratada "exhaustivamente" na Cámara autonómica. "Ningún asunto de índole menor tivo tanto protagonismo en debates parlamentarios como este dentro de a miña longa memoria no Parlamento", apostillou. Finalmente, ase gurou que o feito de que o PP "volva quitar esta longa telenovela invernal neste momento, o converte nunha coña mariñeira". • REDACCIÓN

HUESCA

■ Buscas solucen enigma dos neixos

Buscan a c do universo 2.500 metros de profundid

Un proxecto pioneiro paña a páques de com Laboratorio Subterráneo de Canfranc (Huesca), c físicos implicados, e que irá inicialmente cinco a cadrillar baixo terra do Universo e a súa circunstancia, cun novo detector de procesos "raros" baseados no Xenón.

A peculiaridade do laboratorio, situado a 2.500 metros de profundidade (equivalente a 250 toneladas de agua) se construíu aproveitando o desenvolvimento do túnel da estrada de Somport, feito para este tipo de elementos, debido á súa blanca natural de rocha que protege o fondo de radiación solar, producida por raios cósmicos procedentes do espacio exterior e procesos radioactivos terrestres.

Con este proxecto interesa detectar a materia oscura (que representa ao redor de 25 por cento da densidade de enerxía do Universo), mesmo descifrar "por qué longo do tempo, sobreviven os Cosmos más materia que timamente cando se cre que actualmente as condicións de aquela eran simétricas".

Con devandito proceso tentase comprobar se os neutrinos son a súa propia antipartícula, un interrogante cuja resposta poderá ser de relevancia para explicar por qué o Universo actual se compone de materia e non de antimateria. • AMAYA QUINOCES

XENÉTICA

■ O nome desta nova especie é virófago

Os virus tamén poden atacar outros virus

Un virus non só pode infectar a organismos doutras especies, senón tamén a outros virus, o que lle permite obter xenos do virus atacado e así evolucionar xenéticamente. Un equipo investigador da Universidade do Mediterráneo de Marsella (Francia) descubriu este ata agora desconocido tipo de virus, ao que chamou virófago, segundo explica no último número da revista científica británica Nature. • EFE